

Información sobre o Concurso de Traslados (CT) despois da Mesa Sectorial do 21/01/2010.

- Aprobouse a [“Resolución do 21 de xaneiro de 2010 da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios deste organismo”](#).

- ▶ O texto definitivo da Resolución inclúe como principal novidade a inclusión, no punto 4 do baremo de méritos dun novo apartado (4.b)

“ b) Por servizos efectivamente prestados en hospitais comarcais públicos do Servizo Galego de Saúde caracterizados pola súa distancia e illamento (excepto os hospitais comarcais de Barbanza e do Salnés: 0,5 puntos por cada ano completo”.

A inclusión deste parágrafo, apoiado por todos os sindicatos, responde ao obxectivo de facer máis atractivo o traballo nos hospitais comarcais máis periféricos, que permitan reducir o importante problema que teñen da súa actual falta de atractivo para os profesionais.

Deste xeito, ter traballado nun hospital periférico (Cee, Burela, Monforte, Verín) puntúa por dúas vías no Concurso de Traslados por 2 vías: - no apartado 1 do baremo: “Experiencia Profesional”, e

- no apartado de 4 do baremo: “Outras Actividades” (até un máximo de 10 puntos).

- **O SERGAS presentou un novo cadro das prazas que saen a traslados distribuídas por hospitais:**

- ▶ Durante a anterior Mesa Sectorial, e con posterioridade a ela, tanto CIG-Saúde como os outros sindicatos da mesa sectorial, manifestámoslle ao SERGAS, a nosa frontal oposición ao seu intento de non sacar ao CT determinadas prazas nos hospitais máis grandes que si saían á OPE. Como se explicaba claramente na [información correspondente á Mesa Sectorial do 23/12/2009](#) “a posición do SERGAS neste tema, supón:

- o claro incumprimento por parte da administración dos acordos asinados na mesa sectorial no ano 2007, que establecían que a CT saírían o 100% das prazas vacantes existentes no momento da publicación da convocatoria, incluídas loxicamente todas as prazas que saían á OPE.
- a claudicación por parte da administración diante das presións de poderosos xefes de servizo dos hospitais máis grandes, que queren ser eles quen decida quen saca as prazas dos seus servizos;
- a frustración para moitos facultativos propietarios que estaban esperando ao CT para trasladarse.

- ▶ Ficou claramente establecido que as 2 prazas de Radiofísica Hospitalaria asignadas a Galaria, estarán localizadas en Vigo.

- ▶ O SERGAS presentoulle á Mesa Sectorial, un [novo cadro](#) das prazas que saen ao CT;:
 - Como se pode ver na TABOA situada ao final deste escrito, e con respecto á situación previa, a nova distribución reduce algo o número de prazas dos grandes hospitais que saíron á OPE e non aparecían no CT. Sen embargo, tanto CIG-Saúde como os demais sindicatos da mesa, manifestamos que a

nova proposta da administración non nos parecía suficiente (por exemplo en Santiago seguen bloqueadas 11 prazas), e que seguíamos esixindo que saían a CT todas as prazas que saíron a OPE, agás 4 que logo comentamos.

- Esas 4 prazas que CIG-Saúde, e o restos dos sindicatos da mesa sectorial, aceptamos considerar como “especiais” (de “alta especialización” na terminoloxía da consellería anterior) e non esixir que saían ao CT son as seguintes: 2 prazas de Radioloxía Intervencionista (1 en Coruña e 1 en Ourense) , e outras 2 da unidade de cirurxía reparadora da man de Santiago (1 traumatoloxía e 1 de plástica). Estas 4 prazas esixen un prolongado período de formación, alén da propia especialidade, para podelas desempeñar con garantías e, tendo moi en conta as necesidades do sistema sanitario público (como sempre fai CIG-Saúde), aceptábamose que non saíran ao CT.
- Os representantes da administración tomaron nota da nosa esixencia de que saíran todas as prazas da OPE (coas 4 excepcións mencionadas) e quedaron en darnos unha resposta definitiva.

ESPECIALIDADE	C.H.U. A Coruña	Area Sanitaria de Ferrol	C.H.U. de Santiago	C.H. Xeral-Calde de Lugo	H.C. da Costa-Burela	H.C. de Monforte	C.H. de Ourense	H.C. de Valdeorras	C.H.U. de Vigo	C.H. de Pontevedra	Galaria	H. Virxe da Xunqueira	H. da Barbanza	H. de Verín	H. do Salnés	Total
ALERGOLOXIA		1							1	1						3
ANALISES CLINICOS		1	1	1					1							4
ANATOMIA PATOLOXICA	1		1			1			1	1						5
ANESTESIOLOXIA E REANIMACION	4	1	4	1	2		4		7	10			2	1		36
ANXIOLOXIA E CIRURXIA VASCULAR										1						1
APARELLO DIXESTIVO	1	1					1		1							4
CARDIOLOXIA	2	1	1				2		3	3						12
CIRURXIA CARDIOVASCULAR			1													1
CIRURXIA ORAL E MAXILOFACIAL	1		1													2
CIRURXIA ORTOPEDICA E TRAUMATOLOXIA	4	4	3	1	1	1	2	1	2	2					2	23
CIRURXIA PEDIATRICA							1									1
CIRURXIA PLASTICA, ESTETICA E REPARADORA	1								1							2
CIRURXIA TORACICA	1		1						1							3
CIRURXIA XERAL E DO APARELLO DIXESTIVO	4	1	2			1	2	1	2					2	1	16
DERMATOLOXIA MEDICO-CIRURXICA E VENEREOLOXIA	1						1									2
ENDOCRINOLOXIA E NUTRICION		1					2									3
«FARMACIA HOSPITALARIA»		1							1	1			0		1	4
HEMATOLOXIA E HEMOTERAPIA		1	1						1	1						4
INMUNOLOXIA																0
MEDICINA DO TRABALLO				1	1	1										3
MEDICINA FISICA E REHABILITACION			1				1	2	1							5
MEDICINA INTENSIVA	2		1	2			2		2							9
MEDICINA INTERNA	6	4	3			1	3	2	1	2		0	2	1		25
MEDICINA NUCLEAR																0
MEDICINA PREVENTIVA E SAUDE PUBLICA												1				1
«MEDICO URXENCIAS HOSPITALARIAS»	5	8	2	3	1		6	2	7	3		2	2	2		43
MICROBIOLOXIA E PARASITOLOXIA	2	1														3
NEFROLOXIA	1						2			1						4
NEUROCIRURXIA																0
NEUROFISIOLOXIA CLINICA	1	0					1		1							3
NEUROLOXIA	2	1	1	1		1	1		2	3						12
OBSTETRICIA E XINECOLOXIA	3	3	2	1		1	2	1	2	2			1		2	20
OFTALMOLOXIA	1		2		1	1		1	4	1		1		2	2	16
ONCOLOXIA MEDICA	2	3	1													6
ONCOLOXIA RADIOTERAPICA			1													1
OTORRINOLARINGOLOXIA			1		1		1					1	1		1	7
PEDIATRIA E AS SUAS AREAS ESPECIFICAS	1	1	1	1		1	4	2	2	1			1		3	18
PNEUMOLOXIA			2						1							3
PSICOLOXIA CLINICA	1		1	1			1									4
PSIQUIATRIA	1	1	2	2		1	2	1	2	2						14
RADIO DIAGNOSTICO	2	1	1		1		1		2	0			1		2	11
RADIOFISICA HOSPITALARIA											2					2
REUMATOLOXIA		1		1	1				1							4
UROLOXIA	1	1								1						3
XERIATRIA				1												1
TOTAL	51	39	38	17	9	10	42	13	50	36	2	5	10	8	14	344